

Novembro-2019

SITUACION ACTUAL E PERSPECTIVAS DE FUTURO DO AREA INDUSTRIAL E COMERCIAL DE BÉRTOA- CARBALLO



CARBALLO, NOVEMBRO 2019

Pedro González Vieites - Agustín Martínez Rodríguez
Economistas





ÍNDICE:

ÍNDICE:.....	3
1. INTRODUCCION.....	4
2. ANTECEDENTES.....	5
3. CONTEXTO E ENTORNO XEOGRAFICO COMPARATIVO.....	9
4. RESULTADOS DA ANALISE CUANTITATIVA E CUALITATIVA.....	13
4.1.- Tipoloxía das empresas e formas societarias.....	14
4.2.- Número de empregos.....	16
4.3.- Sectores de actividades.....	19
4.4.- Facturación.....	20
4.6.- Infraestructuras empresariais.....	21
5. ANÁLISE DA CONTRIBUCION ANUAL DO POLIGONO DE CARBALLO ÓS INGRESOS MUNICIPAIS SEGUNDO O IBI.....	25
6.- CONCLUSIÓN E PERSPECTIVAS DE FUTURO.....	27
6.1. Principais Conclusións:.....	27
6.2.- Perspectivas de Futuro:.....	29

1. INTRODUCCION

A continuación desenvólvese a análise cuantitativa e cualitativa das empresas instaladas no Polígono Industrial e Comercial de Bértoa-Carballo (A Coruña), que engloba tanto a primeira fase como a ampliación ou segunda fase, a solicitude da Comunidade de Propietarios do mesmo.

Para a súa redacción e elaboración partiuse da análise da documentación achegada pola Comunidade, base de datos de Ardan e Catastro, coa finalidade de contar cun documento personalizado con datos que permitan dispoñer desde unha perspectiva agregada, información do conxunto do Polígono Industrial e Comercial de Bértoa-Carballo.

2. ANTECEDENTES

ASEMCAR (Asociación de Empresarios do Polígono Industrial e Comercial de Carballo) créase e inicia a súa andaina no ano 1975. O seu obxectivo inicial foi a creación dun Polígono Industrial en Carballo. A inquietude e visión de futuro dun grupo de empresarios naquela época foi a orixe do que hoxe día é unha das áreas industriais máis relevantes de Galicia.

O Consello Sindical Provincial da Coruña autoriza a constitución da Asociación no mes de xuño do ano 1975, sendo inscrita en setembro do mesmo ano no Rexistro Central de Entidades Sindicais, todo iso, en virtude da normativa vixente naquel momento. Sucesivamente foise adaptando á evolución e desenvolvemento da normativa e así en xaneiro de 1981 procédese ao depósito da acta de constitución e estatutos na Oficina Delegada de Deposito de Estatutos de Organizacións Profesionais, do Instituto de Mediación Arbitraxe e Conciliación, do Ministerio de Traballo, da Coruña.

Tanto a Xunta Directiva da entidade como a Asemblea decidiron inicialmente que a localización física da futura área industrial de Carballo sería nos terreos situados entre a estrada xeral de Carballo-A Coruña e a estrada de Carballo-Razo.

Mediante achegas mensuais dos socios de ASEMCAR fóronse xerando os recursos financeiros cos que se adquiren terreos na referida zona e foise consolidando unha zona cunha superficie duns 500.000 metros cadrados cos que se creou a Xunta de Compensación. Esta Xunta de Compensación sería a encargada de executar o Plan Parcial do Polígono Comercial e Industrial de Carballo, é dicir, a transformación física daqueles terreos que se consolidaron como a primeira fase do mesmo aptos para aloxar e desenvolver as distintas actividades do tecido produtivo da capital de Bergantiños. Na actualidade localízase entre a autovía AG-55 e a estrada AC-552 A Coruña- Fisterra.

No ano 2009 Xestur Galicia da comezo á oferta de venda das parcelas pertencentes á segunda fase do Polígono de Carballo, desenvolto a continuación do trazado dos viais no seu día previstos pola primeira fase. Conta cunha superficie aproximada neta de aproveitamento duns 800.000 M² distribuída nunhas 269 parcelas.

A superficie total do Polígono de Bértoa-Carballo é a de 1.218.000 M², é dicir, atopámonos ante un dos polígonos industriais con maior tamaño da nosa Comunidade Autónoma. Despois dos desenvolvementos urbanísticos materializados en ámbalas dúas fases, a superficie neta susceptible de aproveitamento para a construción e instalación das naves (nas que se instalaron as distintas actividades económicas), ascende a unha cantidade aproximada duns 800.000 M², é dicir un 66% aproximadamente da superficie total.

Do resto da superficie, uns 418.000 M² (un 34% da superficie total,) foron destinados a viais, zonas verdes e equipamento, en aplicación da normativa en vigor que afectou a cada unha das dúas fases de desenvolvemento do conxunto do Polígono de Bértoa- Carballo.







A clasificación do chan do Polígono Industrial regúlase no vixente PXOM do Concello de Carballo nos artigos 319 (Ordenanza zonal 5. Industrial), B. Zona Polígono empresarial de Bértoa, e no artigo 320 Ordenanza zona 6. Industrial C. Zona de ampliación Polígono empresarial de Bértoa.

Atopámonos ante un desenvolvemento cun alto dinamismo no que respecta á súa ocupación e actividade, que conta co equipamento e as infraestruturas de servizos necesarias e executadas para a realización das actividades que se desenvolven nel. Así mesmo existen as infraestruturas de conexión e acceso coa estrada AC-552 A Coruña-Fisterra e a AG-55, a través da cal a menos de 20 Km. accédese á autovía A-6, en Arteixo. Neste senso tal vez conviría citar e/ou reivindicar a conexión dunha infraestrutura como pode ser a circunvalación para conectar o Polígono coa zona Sur da vila.

Ante a necesidade dunha adecuada oferta de chan industrial e dunha dinámica para a iniciativa empresarial, e polo tanto para a creación de emprego que redunde nun desenvolvemento socio-económico que consolide a poboación, a Comunidade de Propietarios do Polígono de Bértoa-Carballo pretende co presente documento contar cunha ferramenta inicial que lle permita analizar o futuro da oferta de chan industrial sen esquecer como consolidar e manter o existente, de tal modo que lles permita propoñer liñas de acción e actuación que aseguren a competitividade, continuidade e desenvolvemento de iniciativas empresariais.

Carga de poboación e os seus fluxos de entrada e saída [Unidades: Persoas equivalentes a tempo completo e porcentaxes]



Fonte: IGE (Instituto Galego Estatística)

3. CONTEXTO E ENTORNO XEOGRAFICO COMPARATIVO

Atopámonos ante unha zona industrial e comercial madura, cuxas principais características de deseño e desenvolvemento urbanístico víronse afectadas e supeditadas á evolución legislativa dos PXOM do Concello de Carballo que repercutiron, por exemplo, nas cesións de terreos e a súa porcentaxe para as zonas verdes, equipamento, viarios e mesmo aparcamento, o que á súa vez incide de forma directa nos custos de urbanización, é dicir, no prezo final do metro cadrado de chan industrial.

Para valorar o prezo final do chan convén ter presente os prazos que transcorren entre a adquisición dos terreos e os da execución da urbanización dado que en certa medida inflúen directamente no custo financeiro e na capacidade de adaptación á demanda.

Como exemplo poderíase indicar que en España destínase como media uns 3 ou 4 anos no proceso de urbanización, é dicir en desenvolver as infraestruturas básicas, de tal maneira que ata que as empresas se instalan no futuro polígono transcorren varios anos, e isto é debido a que o modelo de desenvolvemento vixente require a totalidade da execución da urbanización. Sen embargo, nos polígonos europeos a media de tempo que transcorre desde que se adquire o chan ata que se aproba o desenvolvemento e executa, non chega aos dous anos. En Europa xeralmente urbanízase a demanda, non se adoita urbanizar na súa integridade, o que posibilita certa flexibilidade para a adaptación á demanda das empresas para a súa instalación.


A localización e posterior desenvolvemento do Polígono de Bértoa, materializouse fóra do centro urbano da cidade é isto confírelle unhas

características perfectamente diferenciadas, quedando nunha localización idónea para a súa utilización e ampliación como zona industrial, comercial, de servizos, e lúdico recreativa. E con posibilidade de instalación de edificacións destinadas a oficinas e despachos profesionais, tendencia que posiblemente xa se iniciou coa instalación do viveiro de empresas da Cámara de Comercio da Coruña.

No que respecta a os factores do posicionamento competitivo do Polígono de Bértoa, quizais convén facer referencia á contorna xeográfica e para iso realizouse o seguinte cadro no que se pretende plasmar a situación do chan industrial, o seu desenvolvemento e oferta realizado e executado nos últimos anos na zona de “competencia” que incide na captación de empresas na área metropolitana da Coruña e na comarca de Bergantiños-Soneira-Fisterra:



Polígonos Area Metropolitana A Coruña e Bergantiños-Soneria-Fisterra	SUPERFICIES NETAS M2	Nº PARCELAS	PORCENTAXES
ARTEIXO-SABON	2.404.000,00	105,00	39,30%
CEE-A CORUÑA	107.000,00	36,00	1,75%
CARBALLO-BERTOIA	800.000,00	269,00	13,08%
A GRELA - BENS - A CORUÑA	900.000,00	200,00	14,71%
A LARACHA-A CORUÑA	538.000,00	131,00	8,80%
MALPICA DE BERGANTIÑOS	31.000,00	20,00	0,51%
PONTECESO - A CORUÑA	44.000,00	118,00	0,72%
VIMIANZO - A CORUÑA	169.000,00	108,00	2,76%
POCOMACO - A CORUÑA	475.000,00	147,00	7,77%
BERGONDO - A CORUÑA	649.000,00	300,00	10,61%
SUMAS TOTAIS	6.117.000,00	1434,00	100,00%



Ao día de elaboración do presente informe a ocupación da primeira fase do Polígono de Bértoa-Carballo atópase materializada practicamente ao 100%, e na segunda fase está a levarse a cabo o asentamento das empresas a moi bo ritmo xa que as parcelas adxudicadas aproxímanse a un 80% da superficie e xa está en funcionamento arredor dun 25% desta.

En función da evolución da demanda futura de parcelas, poderíase afirmar que unha estratexia adecuada para a futuro da área industrial de Bértoa-Carballo, sería iniciar os estudos e trámites necesarios para o desenvolvemento dunha terceira fase do Polígono. Isto é debido a que os prazos aos que se facía referencia no apartado anterior adoitan ser bastante longos desde que se inicia a súa tramitación ata que se poidan poñer ao dispor das empresas as parcelas resultantes.

Polo tanto a funcionalidade, a flexibilidade e a adaptación á demanda con maior axilidade serían, probablemente, factores diferenciais do posicionamento competitivo para responder con maior axilidade á demanda. Sería interesante suxerir que de modo simultáneo se estuden as consecuencias que implica ter un plan urbanístico demasiado ríxido no que respecta, por exemplo, aos usos, e así mesmo é necesario reflexionar sobre a conveniencia de dispor dun uso do chan coma o que empezan a demandar as plataformas loxísticas.

Finalmente convén lembrar e facer referencia ao nivel de acabado das infraestruturas necesarias para cumprir as esixencias ambientais, fundamentalmente no que se refire a residuos sólidos, augas residuais e ao impacto da mobilidade derivada do acceso e comunicación coa área industrial. E sen esquecer as relativas ao proceso de transformación dixital no que se atopa inmersa a nosa economía. Estas dotacións son claves para a mellora continua e a competitividade dos sectores de actividade, sendo transcendentales como ferramentas sobre as que consolidar os novos procesos orientados á xeración de valor, mellora e mantendo da competitividade.

4. RESULTADOS DA ANALISE CUANTITATIVA E CUALITATIVA.

Para a realización do presente traballo partiuse da base de datos obtida do ARDAN (2017), e en función dos datos obtidos e filtrados vanse analizar as seguintes características empresariais:

- Tipoloxía das empresas, formas societarias.
- Número de empregados.
- Sectores de actividade.
- Facturación.
- Infraestruturas empresariais.

Tamén se incorporan e analizan os datos do Catastro obtidos, coa finalidade de proporcionar información relevante no que respecta a os valores catastrais do chan e edificación, é dicir, as bases impoñibles do I.B.I. (Imposto de Bens Inmóbles).

Os datos das empresas analizados neste documento tamén inclúen a seguinte información:

- Nome ou Razón Social e CIF
- Dirección e teléfono
- Fax, Correo electrónico e Páxina Web
- Código CNAE e Descrición da actividade
- Número de traballadores
- Facturación

Debemos mencionar que os datos do ámbito do presente traballo corresponden ó ano 2017 xa que ARDÁN aínda non dispón dos datos do ano 2018.

Unha vez realizada e finalizada a fase de recollida de información e análise, localizáronse 134 empresas que contan con instalacións na área industrial e comercial Bértoa–Carballo. Algunhas empresas realizan a súa actividade en máis dunha instalación, co seguinte resultado en canto a participación e incidencia no estudo:

CENSO DAS EMPRESAS DO POLIGONO DE BERTOA - CARBALLO	
EMPRESAS ANALIZADAS E INCORPORADAS	
<i>EMPRESAS CENSADAS</i>	177
<i>EMPRESAS INCORPORADAS</i>	134
<i>EMPRESAS NON INCORPORADAS</i>	43
<i>EMPRESAS NON CONTACTADAS</i>	5

Estimouse oportuno para os efectos do presente traballo realizar unha especie de comparación entre as dúas grandes áreas industriais coas que conta o Concello de Carballo.

Estamos a referirnos tamén ó área situada na zona Sur do municipio, o Grupo Conservas Calvo, que está instalado desde os anos setenta na zona da Revolta. E isto fíxose polo impacto e relevancia socioeconómica que ten no conxunto do municipio.

Así diferenciamos a área do Polígono de Bértoa, conformada polas súas dúas fases, que está situada na zona norte da vila, e a área do Grupo Conservas Calvo, na zona sur da vila.

4.1.- Tipoloxía das empresas e formas societarias

Segundo os datos obtidos do IGE (Instituto Galego Estatística) do ano 2017, a tipoloxía das empresas e as súas formas societarias ou condición xurídica, con domicilio social en Carballo, reflíctese na seguinte táboa:


**TABLA DE EMPRESAS SEGÚN A CONDICION XURIDICA - ANO 2017
CONCELLO DE CARBALLO**

CONDICION XURIDICA	NUMERO EMPRESAS	TOTALES
Persoas Físicas	2.059	2.059
Sociedades anónimas (S.A.)	17	2.076
Soc. Responsabilidad Limitada(S.L.)	771	2.847
Cooperativas	3	2.850
Outras	170	3.020
TOTAL EMPRESAS		3.020

Fonte IGE - 2017

Pódese observar que segundo o IGE as sociedades de responsabilidade limitada ascenden a 771 en todo o Concello de Carballo. Deste total obtivéronse datos dunhas 608 empresas (base de datos ARDAN), é dicir, son as que presentaron e depositaron contas anuais no Rexistro Mercantil. Á súa vez desta última cifra depuráronse e incorporáronse ó informe 134 empresas instaladas no Polígono con forma societaria (Sociedades Limitadas e Sociedades Anónimas). Trátase das máis representativas tanto desde o punto cuantitativo como cualitativo.

Por outra banda, faise especial énfase na imposibilidade de incorporar a este traballo todas aquelas actividades que se realizan no Polígono baixo a condición xurídica de persoas físicas, debido a que non se dispón dunha base de datos o suficientemente fiable e representativa para o seu tratamento e incorporación á análise.



Este é o gráfico resultante da análise das empresas en función do seu tamaño, que desenvolven a súa actividade no municipio de Carballo. Pódese observar que aínda existe un número significativo e predominante de micro-pemes, e que en termos de emprego son moi relevantes dado que ocupan ao redor dun 54% do emprego do municipio.

4.2.- Número de empregos

Segundo datos obtidos do IGE (Instituto Galego Estatística) no ano 2017 o número de empregados en función do tamaño das empresas, con domicilio social en Carballo, é a que se reflicte na seguinte táboa:


TABLA DE EMPRESAS SEGÚN O NUMERO DE TRABALLADORES - ANO 2017		
CONCELLO DE CARBALLO		
NUMERO TRABALLADORES	NUMERO EMPRESAS	TOTALES
De 0 a 2 asalariados	2.603	2.603
De 3 a 5 asalariados	220	2.823
De 6 a 9 asalariados	91	2.914
De 10 a 19 asalariados	62	2.976
De 20 a 49 asalariados	33	3.009
De 50 a 99 asalariados	7	3.016
De 100 a 249 asalariados	3	3.019
De 250 o mas asalariados	1	3.020
TOTAL EMPRESAS		3.020
<i>Fonte IGE - 2017</i>		

No ámbito do estudo do conxunto do municipio de Carballo, o resultado dos datos do emprego en función do tamaño da empresa incorporados ao mesmo reflíctese na seguinte táboa e gráficos:

Empreados de sociedades en Carballo

Tamaño de Empresa	_ Nº Empregados
GRAN EMPRESA	394
MEDIANA EMPRESA	984
MICROPEME	2.904
PEQUENA EMPRESA	1.112
Total general	5.394

Distribución porcentual de empresas en Carballo:



As 134 empresas analizadas e incorporadas ao estudo que teñen actividade no polígono representan un 22% do total das empresas do municipio de Carballo,

Nº de empresas no Polígono


Tipo Empresa	Nº Empresas.
MEDIANA EMPRESA	4
MICROPEME	92
PEQUENA EMPRESA	27
SEN ACTIVIDADE	11
Total general	134

No que respecta ó Polígono de Bértoa-Carballo, a seguinte táboa representa o número de empregados segundo o tipo/tamaño de sociedade:


Empregados no Polígono Bértoa-Carballo

Tamaño de Empresa	_Nº Empregados
MEDIANA EMPRESA	190
MICROPEME	801
PEQUENA EMPRESA	603
Total general	1.594

As empresas instaladas no polígono de Carballo ocupan o 30% do emprego no municipio, isto é, 1.594 postos de traballo.



4.3.- Sectores de actividades




Como se pode observar no gráfico anterior, desenvólvense máis de 124 actividades económicas diferentes que se distribúen da forma seguinte:


Construción.....	35
Comercio e reparación vehículos a motor.....	36
Industria Manufactureira.....	42
Actividades Profesionais, científicas y técnicas.....	3
Transporte e Almacenamento.....	6
Actividades recreativas e de ocio.....	3
Actividades administrativas e servicios auxiliares.....	4
Outros servicios.....	2
Actividades Inmobiliarias.....	2

4.4.- Facturación

No seguinte gráfico represéntase a facturación en Carballo en función da situación xeográfica das empresas. Pódese observar con nitidez a achega das dúas grandes áreas de actividade referidas anteriormente: a zona Sur (grupo Calvo) e a zona Norte. O Polígono achega un 28% da facturación do total do ámbito: 246 millóns de euros.



No seguinte gráfico faise referencia á facturación das empresas localizadas no Polígono segundo o seu tamaño. Observase que as PEMES supoñen o 75% da facturación (41% pequena empresa e 34% mediana empresa), fronte ás micro-pemes que supoñen un 25%.



4.6.- Infraestructuras empresariais

O Internet das cousas e o impacto das TCI, a intelixencia artificial e o comercio electrónico na economía, significan un reto ante o que as empresas deberían prestar especial atención, dado que, como algúns expertos opinan:

“Na era do acceso, as máquinas intelixentes —na forma de software e de wetware— substitúen de maneira crecente o traballo humano na agricultura, a industria e o sector servizos. As explotacións agrícolas, as fábricas e moitos dos empregados de «pescozo branco» das industrias de servizos están a automatizarse rapidamente.

Quizais cara a 2050, só se necesitará unha parte tan pequena como o 5 % da poboación adulta para dirixir e manter en funcionamento a esfera industrial

tradicional. O normal en case todos os países será que as explotacións agrícolas, as fábricas e oficinas funcionen case sen man de obra". Jeremy Rifkin. A Revolución da nova economía.

Neste senso e dada a importancia do impacto das novas tecnoloxías na economía, a Xunta de Galicia e o IGAPE, desenvolveron para a Comunidade Autónoma un programa denominado Industria 4.0, co obxectivo de impulsar a creación un tecido empresarial competitivo na economía global, con especialización en Big Data e a interconexión entre empresas. Polo tanto as empresas do Polígono de Bértoa-Carballo deberían ter presente esta nova era dixital co fin de gañar competitividade e afianzar o seu posicionamento.

O impacto dos avances, o desenvolvemento tecnolóxico e as transformacións que no futuro pódanse dar, por exemplo a conectividade 5G, requirirán uns investimentos en infraestruturas que permitan ás empresas adaptarse a esta nova realidade e contorna.

No que se refire á xestión do ciclo da auga (economía circular – protección dos recursos hídricos - medidas cumprimento desenvolvemento sustentable) nunha área de actividade económica na que se utilizan e consomen abundantes recursos hídricos nos diferentes procesos produtivos, será convinte e necesario estar preparados para un potencial incremento de demanda da auga cando a segunda fase do Polígono alcance o grao de consolidación da primeira, así como, para o seu tratamento e/ou re-utilización.

Así mesmo, e no relativo á xestión de residuos (reciclaxe de envases e residuos, recollida selectiva e re-utilización, e redución de emisións, a súa xestión operativa, o seu dimensionamento, valorización, tratamento e/ou eliminación) terán que adaptarse á normativa tanto de ámbito rexional como a da UE, para o que se fai preciso tamén contar coas infraestruturas e plans necesarios e compatibles cos obxectivos e estratexias trazados polo propio Concello.

Finalmente, outro aspecto para destacar é o referido á mobilidade en canto á comunicación e accesos á área industrial e comercial. Este configúrase como outro gran reto ante a implantación de actividades na segunda fase.

Dada a necesidade do cumprimento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable é necesario camiñar cara a un modelo sustentable e eficiente. Probablemente este sexa un dos obxectivos máis importantes ao que nos deberemos enfrontar como sociedade, e para lograr resultados positivos ante tal desafío, os maiores investimentos poderían ser os de asumir os compromisos ambientais, en concordancia cos acordos de París. Sabemos que o problema é global, pero necesitamos pensar e actuar a nivel local.

Tanto as empresas como as administracións públicas están chamadas a interpretar un papel cruce para a consecución dos obxectivos fixados e establecidos, polo que se fai imprescindible estar unidos na toma de decisións, e deberiamos ser prácticos e dilixentes e actuar de forma conxunta para engancharnos con eficacia á revolución que se avexiña neste sector tan estratéxico para o Polígono, como é a mobilidade.

Para este ámbito que estamos a analizar, nunha contorna na que se realizan desprazamentos curtos (área urbana da Coruña e aeroportos de Santiago e A Coruña, porto exterior de Punta Langosteira en Arteixo (A Coruña)) e tamén longos (usando conexións con outras infraestruturas de longo percorrido a través de autovías e autoestradas), faixe necesario mellorar as infraestruturas viarias e estudar a cobertura de transporte público para esta contorna empresarial que xerará emprego para máis de 2.000 traballadores. Este sería un dos obxectivos estudar no futuro máis próximo.

As infraestruturas necesarias para a distribución de electricidade media e alta tensión, gasodutos, fibra óptica, auga potable, saneamento, etc., son imprescindibles para alcanzar a mellora competitiva para todos os sectores dunha economía, pero estas infraestruturas, na maioría dos casos esixen a participación das AA.PP., tanto para o seu deseño e execución como para o seu financiamento.

Outras infraestruturas tales como oficina de correos, servizos financeiros, hoteis, etc., aínda non se desenvolveron na área obxecto de estudo.

A colaboración e a formulación de Políticas Supramunicipais co fin de facilitar a xeración de benestar e cohesión social dos pobos, cidades e espazos industriais de calidade para lograr atraer e reter talento creando oportunidades de traballo, serían claves para o posicionamento adecuado do Polígono de Bértoa-Carballo como factor estratéxico de localización e de atracción de investimentos.


5. ANÁLISE DA CONTRIBUCION ANUAL DO POLIGONO DE CARBALLO ÓS INGRESOS MUNICIPAIS SEGUNDO O IBI.

Neste apartado incorporouse a análise realizada en base á información catastral a contribución agregada do conxunto dos valores catastrais, valores de chan e edificacións co obxecto de plasmar dunha forma gráfica a contribución desde o punto dos ingresos do IBI (Imposto de Bens Inmóbeles) aos ingresos que por este concepto recada o Concello de Carballo no Polígono de Bértoa.


Nº Referencias Catastrais	Valor Catastral	Valor Construcción	Valor Chan
288	50.770.692	30.110.412	20.660.280,10

Nº Ref. Catastrais	Superficie Solares	Superficie Construída	% Sup. Construída
288	1.345.891	197.400	14,67 %

Valoracións catastrais no Polígono Industrial:



Distribución das actividades que se realizan no Polígono (superficie construída)



6.- CONCLUSIÓNS E PERSPECTIVAS DE FUTURO

6.1. Principais Conclusións:

- 6.1.1. Para os efectos deste informe utilizouse como base de datos os proporcionados por ARDAN 2017, últimos datos dispoñibles á data do informe, no que computan para o ámbito de estudo (municipio de Carballo) 593 empresas das cales se incorporan para a súa análise 134 empresas.
- 6.1.2. Ao non existir unha base de datos sistematizada e con suficiente fiabilidade das empresas que realizan a súa actividade no Polígono que non teñen forma societaria, é dicir, autónomos, C.B., e outras, non foi posible a súa incorporación ao informe.
- 6.1.3. É preciso, aclarar que a 2ª fase do Polígono cun 80% de chan vendido, só existe actividade á data do presente informe nunhas 16 parcelas, aproximadamente un 20% do total da segunda fase, polo que o potencial de actividade tanto desde o punto de vista da análise cuantitativa como cualitativo, poderíase afirmar que presenta un enorme potencial para o futuro.
- 6.1.4. Ao existir no municipio dúas grandes zonas ou áreas “industriais e comerciais” como son a situada ao Sur (Grupo Calvo) e ao Norte (Polígono de Bértoa) realizouse o estudo de xeito que se puidese reflectir a achega de cada unha delas ao conxunto da contorna analizada, fronte ao resto de actividades non asentados nas referidas áreas.

- 6.1.5. Como se pode observar na gráfica do punto 3.- Contorna e contexto xeográfico comparativo, da área metropolitana da Coruña-Bergantiños-Soneira-Fisterra, o Polígono de Carballo cunha superficie neta duns 800.000 M², posiciónase no terceiro lugar en canto ó seu tamaño, despois de Sabón-Arteixo e A Grela-Bens.
- 6.1.6. Tanto na contorna xeral como no Polígono en particular, obsérvase a preponderancia en canto ao tamaño das empresas das micro-pemes, sendo en termos de emprego as que máis achegan.
- 6.1.7. As 134 empresas analizadas e incorporadas ao informe representan un 22% respecto ao total do número de empresas do municipio, achegando o 30% do emprego total xeradoras duns 1.594 postos de traballo directos.
- 6.1.8. En termos de facturación as dúas grandes zonas ou áreas de actividade industrial supoñen unha facturación no seu conxunto duns 655 millóns de euros, é dicir, un 70% do total da contorna; e un número de postos de traballo de 2.144, isto é o 40% do total do emprego.
- 6.1.9. Os sectores con maior actividade e que máis emprego achegan á contorna son a construción, a industria manufactureira e o comercio ó por menor e maior e reparación de vehículos que conforman un total de 113 empresas.
- 6.1.10. En canto á achega que desde o punto de vista dos distintos impostos derivados da actividade económica do Polígono, débese ter en conta que os 1.594 empregos directos que mantén o Polígono (sen contar os que xeran as empresas non incorporadas ao estudo), non cabe dúbida que a pesar de non contar con datos para a súa cuantificación en termos agregados, de significado en IRPF, é dicir, rendas para destinar ao consumo e o seu impacto na economía da contorna (consumo) pódese afirmar que a súa contribución ao desenvolvo socio-económico da comarca é sen dúbida

relevante. O mesmo poderíase dicir desde o punto de vista do IVE como imposto que grava o consumo.

6.1.11. A achega dos ingresos das empresas situadas no Polígono ós orzamentos municipais do Concello de Carballo, en concepto de IBI, ascenden a uns 2.030.000,00€ (DOUS MILLÓNS TRINTA MIL euros). Esta estimación obtense segundo as bases impositivas deste imposto e do tipo vixente aplicado.

6.2.- Perspectivas de Futuro:

Nun documento do IESE de Barcelona de xaneiro de 2018, que se presentou na II Xornada de Xestión Pública, coorganizada pola Deputación de Barcelona, centrou as súas principais reflexións sobre as necesidades do polígono industrial do futuro, facendo especial énfase nas fórmulas de colaboración público-privada que poden ser útiles para a modernización destas áreas industriais como palanca de impulso das actividades económicas e a súa implicación no equilibrio territorial.

Na clausura das xornadas fíxose especial alusión á necesidade de que as administracións locais presten especial atención cunha estratexia moi clara que sitúe como prioridade a fortaleza económica, os municipios e cidades se queren camiñar cara a unha cohesión e benestar óptima para os seus habitantes, e para a súa consecución, deberían ter moi presente un elemento esencial, unha actuación conxunta cos parques empresariais, se conseguimos manter, potenciar e desenvolver estes espazos, tamén lograremos reter talento ao crear oportunidades de emprego co que iso supón para o progreso económico da súa zona xeográfica de influencia, neste sentido a inmensa maioría coincide na necesidade de potenciar o asociacionismo empresarial como fórmula de representación, ante as distintas administracións coa idea básica de conseguir potenciar a xestión destas áreas económicas, que aglutinen e

ofrezan unha visión completa e real das necesidades do polígono ou área industrial, e non só no que respecta ou incumbe aos aspectos xurídicos, urbanísticos e de servizos básicos senón, ademais, no que se refire a todos aqueles aspectos que representan un valor engadido para as empresas e persoas, pero sobre todo á capacidade de exercer unha influencia económica e social que redunde nunha mellor e maior competitividade da súa contorna.

Por outra banda o asociacionismo empresarial faise necesario se queremos mellorar e acurtar as distancias existentes entre a autoridade municipal e o usuario final, exercendo de interlocutor entre as empresas e as súas demandas ante as distintas administracións.

Segundo o INE (Instituto Nacional de Estatística), ano 2018, Carballo conta con 2.646 empresas (sociedades e empresarios individuais), das que 1.006 encádranse no sector comercio, transporte e hostalería, 194 corresponden a industria e 801 ó sector servizos.

Desde un punto de vista da análise conxuntural parece que non existe dúbida de que o crecemento económico, aséntase en gran medida no crecemento industrial. A evolución da nosa economía nos últimos anos, con todo, parece que seguiu un camiño en sentido contrario, no PIB industrial en España, o peso da súa industria pasou de ser un 35% en 1975, a un 13% en 2017, en termos cuantitativos, por exemplo, comparado con Alemaña cuxo valor se sitúa, contorna a un 600.000 millóns de euros, en España supón uns 150.000 millóns de euros, hoxe día representa un 1,20% do PIB.

Nun contexto como o actual de deslocalización empresarial, os organismos públicos deberían exercer a súa influencia e potenciar estratexias que favorezan os factores relacionados coa captación de investimentos, accións como a implantación de actividades industriais cunha oferta de chan industrial competitiva convértense deste xeito nunha ferramenta imprescindible.

No Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, a Xunta de Galicia, establece como PA1.2:

1. Fomento da actividade empresarial e comercial, impulso da competitividade e internacionalización das empresas e autónomos, etc.
2. Incrementar o número de empresas de dimensión media (50-100 traballadores/ as), a fortaleza financeira das empresas, as taxas de emprendemento e a cultura innovadora e acadar un crecemento baseado no equilibrio e hibridación entre sectores tradicionais e de futuro.
3. Desenvolver unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector comercial.
4. ***Aproveitamento axeitado do chan empresarial e outros elementos básicos de competitividade.***

Por outra banda, na exposición de motivos da Lei 13/2011 do 16 de decembro reguladora da política industrial de Galicia, e máis concretamente no que respecta ao apartado da **Competitividade**, expónse que un 95,5% das empresas galegas son microempresas e máis da metade do total, concretamente o 51,3%, son microempresas que non teñen asalariados.

O sector industrial, cun comportamento algo máis favorable, non é alleo, con todo, a este panorama que debilita o investimento tecnolóxico, a implantación de estratexias de exportación/internacionalización ou o acceso a unhas condicións idóneas de financiamento, o que redunda en definitiva, na ausencia de competitividade. Neste senso, poderíase afirmar que sería conveniente e necesario favorecer as condicións para que mellore o tamaño das empresas industriais,

especialmente as micro-pemes, impulsando o seu crecemento, obxectivo que en parte pode vir dado por un apoio expreso á política de agrupacións industriais e unha maior cooperación susceptible de desembocar en fusións ou concentracións empresariais de maior escala.

Por último, e a modo de reflexión final da Asociación de Propietarios do Polígono de Bértoa-Carballo e á vista da recadación en impostos municipais, particularmente o IBI como se analiza no punto 5 do presente informe, propónse unha análise sosegada e coa suficiente madurez e racionalidade, en relación cos investimentos ou retornos que o Concello (e outras Administracións) realizan na área industrial para a mellora e modernización das infraestruturas existentes e as que aínda non foron executadas pero que se fan de xeito evidente necesaria , é dicir, certas contraprestacións máis acordes co esforzo tributario anual das actividades desenvoltas, co fin de consolidar e xerar unha zona industrial e comercial que afronte os retos futuros con maior fortaleza e competitividade para consolidar o Polígono de Bértoa-Carballo como unha das áreas empresariais de referencia en Galicia.

En Carballo, novembro de 2019.